

## INFORMACIÓN SOBRE AS CONDICIÓNIS DE USO DA SALA DE LECTURA DA BIBLIOTECA DE GALICIA

Seguindo as medidas establecidas na *ORDE do 29 de setembro de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, o uso dos postos de lectura da BdG queda supeditado ás seguintes instrucións de obrigado cumprimento:

- A capacidade da sala de lectura da Biblioteca de Galicia amplíase ata un 75% do seu aforo, polo que quedan habilitados **90 postos**.
- **Cada un destes postos está numerado**. O usuario/a que queira facer uso dun dos postos de consulta deberá solicitalo no mostrador central da biblioteca. O persoal facilitaralle o número do posto no que deberá permanecer o tempo que faga uso da sala de lectura.
- Como norma habitual os números asignáranse por orde de chegada. Poderase solicitar o uso dun posto electrificado, sempre que algún estea dispoñible.
- Cando o usuario/a decida abandonar definitivamente o posto que se lle asigne, devolverá o número que se lle facilitou no mostrador central da biblioteca.
- **Será obrigatorio o uso permanente da máscara en toda a biblioteca**.
- O servizo de limpeza da Biblioteca de Galicia fará revisións periódicas cada dúas horas (2 horas) para desinfectar os postos que se atopen libres neses momentos.
- Se nese intervalo de tempo queda algún posto libre, poderá ser ocupado por un novo usuario/a sempre que se responsabilice da súa limpeza e desinfección. A Biblioteca de Galicia facilitará o xel hidroalcohólico e os papeis desbotables necesarios para que poida realizar a limpeza do posto.
- Para garantir un uso solidario e eficiente dos postos de lectura, **como regra xeral un usuario/a con posto asignado non poderá ausentarse do mesmo máis dunha hora seguida**. De ser o caso, o persoal técnico e de seguridade da biblioteca poderá desaloxar ese posto para que un novo usuario/a faga uso do mesmo.
- Non está permitido desprazar ou mover do seu lugar cadeiras, mesas ou outras pezas de mobiliario. Os estantes das librerías da sala de lectura non poderán utilizarse para depositar obxectos persoais.
- Non está permitido introducir comida ou bebida, agás auga embotellada.



**O horario de apertura é de luns a domingo de 9 a 21 horas.** O desaloxo da sala de lectura comezará quince minutos antes do peche do edificio. A Biblioteca de Galicia permanecerá pechada os días 24, 25 e 31 de decembro e o 1 de xaneiro.

O acceso á sala de lectura da Biblioteca de Galicia só estará permitido para o desenvolvemento das actividades de consulta dos documentos en acceso aberto da propia biblioteca ou daqueles que traian consigo os usuarios. De luns a venres tamén se poderá facer uso dos postos da sala de lectura para atender as demandas do servizo de préstamo e consulta en sala dos fondos de acceso restrinxido custodiados na biblioteca.

En todo caso, tanto os usuarios/as como o persoal da biblioteca deberán respectar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19. En particular entre grupos de persoas non conviventes, cando non se atopen facendo uso dun posto de lectura, deberá tratar de gardarse a distancia interpersoal mínima de 1,5 metros, establecida pola Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Os usuarios/as deberán seguir en todo momento as instrucións do persoal da Biblioteca de Galicia. O persoal técnico ou o de seguridade do centro poderá solicitar o abandono inmediato das instalacións se se detecta que se está a usar con outros fins que para os expresamente autorizados neste documento.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021.

A xefa de servizo da Biblioteca de Galicia, (documento asinado electronicamente)

